



Ana Patricia Torres Madureira, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Popular na Deputación de Ourense, con base ao previsto nos artigos 91 e 97 do ROF, e de acordo á Lei de Base Reguladora do Réxime Local e o Regulamento da Corporación, presenta a seguinte **MOCIÓN PARA INSTAR O GOBERNO DE ESPAÑA A MELLORA DO DEFICIENTE SERVICIO DE CORREOS NA NOSA PROVINCIA**, para o seu debate no pleno da corporación, tendo en conta a seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O servizo postal en España estableceuse oficialmente no ano 1716, a través da entidade que coñecemos como Correos, baixo o reinado de Felipe V, sendo un dos mais recoñecidos a nivel internacional. Pero esta situación esta a cambiar, dado o abandono que esta a sufrir por parte do Goberno de España.

É verdade que cada vez máis, estase re-definindo o oficio do carteiro. Pero en Ourense existen moitas localidades onde a xente estase a manifestar, porque non queren que desapareza o seu carteiro, a súa carteira. Nin tampouco aceptan a idea de que haxa caixas de correos comunitarios, en lugar dunha persoa de confianza que leve e recolla as suas cartas.

O presidente da Deputación Provincial de Ourense, Luis Menor, mantivo unha reunión de traballo cos representantes sindicais de Correos en Ourense (C.G.T. e CC.OO), co obxectivo de analizar a situación actual do servizo postal, especialmente nas zonas rurais da provincia.

Durante a reunión, os representantes sindicais informaron sobre a existencia dunha perda progresiva de servizos, sinalando que en moitos municipios non se garante a distribución obrigatoria de cinco días á semana, o que representa un claro deterioro na atención cidadá. Ademais, advertiron que as oficinas e os recursos que antes se asignaban ás zonas rurais están a trasladarse ás zonas urbanas, que tampouco contan cunha cobertura completa.



Desde o Grupo Provincial Popular apuntamos que esta situación é un novo recorte do Goberno Central contra o medio rural, enmarcando este problema nun contexto de decisións que prexudican gravemente aos municipios da provincia. Enfrontámonos a un novo ataque contra o noso medio rural, que se suma ao peche de cuarteis, a redución das frecuencias do AVE a Madrid e outros recortes que privan a veciñanza de servizos básicos e contribúen ao seu desmantelamento.

Desde A Deputación reforzouse o apoio aos municipios para mellorar a prestación do servizo de Correos nas zonas rurais, cunha liña de axudas de 100.000 euros para que os municipios actualicen as súas rúas e xeocalicen as vivendas, co fin de facilitar o traballo diario do persoal de repartición.

Dada a alta demanda municipal, esta liña terá continuidade nos próximos anos, co obxectivo de que todos os municipios da provincia contén cun rueiro actualizado que permita unha prestación máis eficiente e organizada dos servizos públicos, sendo fundamental para que a poboación rural se sinta menos desprotexida.

Constatamos que as principais deficiencias do servizo de Correos en Ourense son o colapso por falta de persoal, o atraso na entrega de correspondencia e a acumulación de envíos.

Estes problemas, que afectan gravemente á cidadanía e aos traballadores, débense a unha falta de contratación que provoca unha sobrecarga insostible no persoal, facendo que se presenten multitude de reclamacións nas oficinas de Correos para esixir responsabilidades

Os atrasos na entrega de correspondencia e notificacións poden superar o mes, o que prexudica aos cidadáns que esperan información oficial ou envíos, facendo que os traballadores sufran un gran sobreesforzo que afecta a súa saúde física e mental.



En virtude de todo o exposto, o Grupo Provincial Popular propón ao pleno os seguintes

ACORDOS:

1º. Instar ao Goberno de España a reposición dos postos de traballo vacantes, para solucionar os problemas de persoal que esta a sufrir o servizo postal en Ourense.

2º. Instar ao Goberno de España a cancelar o peche de oficinas e suprimir días de reparto na nosa Provincia, acentuando a perda de servizos no rural.

Ourense, 04 de decembro de 2025.

Asdo. Ana Patricia Torres Madureira.

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE